  



CAPÍTULO DUODÉCIMO

Era un sábado pola tarde, ledo e luminoso despois de abundantes chuvias, e o espírito da xuventude habitaba nel, inda que a estación agora outono. Todo o que era harmonioso triunfaba. Cando os automóviles pasaban por Summer Street só levantaban un pouco de po, e o seu olor era pronto disipado polo vento e remprazado polo aroma dos bidueiros todavía húmidos ou dos piñeiros. O señor Beebe, que dispuña de tempo para as cousas pracenteiras da vida, estaba asomado á cerca da reitoría. Freddy, á súa vez, fumaba en pipa.

-Supón que imos e amolamos un pouco ós novos inquilinos de ahí enfronte?

-Hummm…

-Cicáis os atopes divertidos.

Freddy, a quen os demáis seres humanos nunca divertían, argumentou que cicáis os novos inquilinos estiveran demasiado ocupados, etcétera, etcétera, etcétera, posto que acababan de mudarse.

-Suxiro que os amolemos un pouco-dixo o señor Beebe-O merecen. Abriu a cancela e entrou no céspede de Cissie, de forma triangular-.¡Boas tardes!-exclamou, dirixindo a voz hacia a porta aberta, máis da cal era visible unha desorde considerable.

-¡Boas tardes!- respondeu unha voz grave.

-Trouxen a alguén a velo.

-Baixo deseguida.

O paso quedaba empecido por un roupeiro, que os encargados da mudanza non lograran subir escaleiras enrriba.. O señor Beebe o superou con certa dificultade. Tamén a sala de estar resultaba intransitable a causa dos libros acumulados.

-¿Son devoradores de libros?-murmurou Freddy-.¿Pertencen a esa especie?

-Imaxino que saber cómo ler, virtude nada frecuente. ¿Qué é o que teñen? Byron. Claro está. Un muchado de Schropshire. Non o lin nunca. El destino de la carne. Non o coñezo. Gibbon.¡Vaia! O bo de George le alemán. . Humm..., Schopenhauer, Nietzsche, e así sucesivamente. Bueno, supoño que a vosa xeración sabe o que se fai, Honeychurch.

-Señor Beebe, mire isto- dixo Freddy, a voz alterada polo asombro-

Na moldura superior do armario, a man dun afeccionado pintara esta inscrición: "Desconfía de toda empresa que requira roupa nova"

-O sei.¿Non é estupendo? Gústame. Xuraría que é obra do ancián.

-¡Extraño que tivera feito unha cousa así!

-Seguro que estás dacordo.

Pero Freddy era fillo da súa nai e pensaba que non estaba ben estragar os mobles.

-¡Cadros!-continuou o clérigo, que se movía a duras penas pola habitación-. Giotto...o mercaron en Florencia, seguro que sí.

-O mesmo que ten Lucy.

-Ah, por certo, ¿disfrutou en Londres a señorita Honeychuch?

-Voltou onte.

-¿Imaxino que o ten pasado ben?





-Si, moi ben-dixo Freddy, alzando un libro- Cecil e ela están máis unidos ca nunca.

-Boas novas.

-Gustaríame non ser un imbécil tan integral, señor Beebe.

O clérigo fixo caso omiso daquela observación.

-Lucy era case tan estúpida coma min, pero agora será distinto, pensa a nosa nai. Lerá libros de todas as clases.

-Ti tamén.

-Só de mediciña. Non libros sobre os que un poida falar despois. Cecil estálle ensinando italiano a Lucy, e di que a súa maneira de tocar o piano é maravillosa. Hai nela non sei cantas cousas que non tiveramos notado nunca. Cecil di...

-¿Qué demo está facendo esa xente ahí enriba? Emerson…, volveremos noutro momento.

George baixou as escaleiras e os conduciu hacia o interior da habitación sen dicir nada.

-Permítame que lle presente ó señor Honeychurch, un veciño.

Freddy sacou a relucir entón un dos fulminantes achádegos da súa xuventude. Cicáis fora a timidez, cicáis tratara de mostrarse amistoso, ou cicáis pensou que a cara de George precisaba un bo lavado. Fora como fose, o recibiu cun:

-¿Qué tal está? Veña a darse un baño.

-Dacordo-dixo George, sen inmutarse.

Ó señor Beebe pareceulle moi divertido.

-"¿Qué tal está?¿Qué tal está? Veña a darse un baño-riu entre dentes-. É o mellor comezo de conversa que teño oído xamáis. Pero moito me temo que só funciona entre varóns. ¿Imaxínanse a unha dama a quen acaba de presentar a outra dama unha terceira que inicia a conversación con "¿Qué tal está?¿Qué tal está? Veña a darse un baño?". E sen embargo vostede asegura que os sexos son iguais.

-E eu lle digo que o serán- interviu o señor Emerson, pai, que descendía despacio a escaleira-. Boas tardes, señor Beebe-. Dígolle que serán camaradas, e George pensa o mesmo.

-¿Hemos de elevar ás damas ó noso nivel?-quixo saber o clérigo.

-O paraíso terrestre- proseguiu o señor Emerson, descendendo aínda-, que vostede coloca no pasado, aínda está por vir. Entraremos nel cando teñamos deixado de desprezar o noso corpo.

O señor Beebe rexeitou que el colocara o paraíso terrestre en ningún sitio.

-Niso..., non noutras cousas...., os varóns vamos por diante. Desprezamos o corpo menos que as mulleres. Pero só cando sexamos camaradas entraremos no Paraíso.

-¿Qué me dis dese baño?-murmurou Freddy, consternado pola masa de filosofía que se lle viña enriba.

-Noutro tempo cría no regreso á Natureza. Pero, ¿cómo podemos volver a onde non estivemos nunca? Hoxe creo que debemos descubrir a Natureza. Despois de moitas conquistas acadaremos a sinxelez. Ése é o noso patrimonio.

-Permítame presentarlle ó señor Honeychurch, vostede recordará de Florencia á súa irmán.

-¿Qué tal? Alégrome moito de coñecelo, e de que leve a George para que se bañe. Moi contento de ouvir que a súa irmá se dispón a casar. O matrimonio é un deber..





Estou seguro de que será feliz., porque tamén coñecemos ó señor Vyse, que foi sumamente amable. O atopamos por casualidade na Galería Nacional de Londres, e arranxou todo o relacionado con esta casa tan encantadora. Inda que confío en non ter irritado a sir Henry Otway. Coñecín a moi poucos terratenientes liberais, e estaba ansioso de comparar as súas ideas sobre as leis da caza coas dos conservadores. ¡Vive vostede nunha zona belísima, señor Honeychurch!

-¡A min non mo parece!-protestou Freddy- Debo..., é dicir, teño que..., terei o pracer de facerlles unha visita, dentro duns días, di a miña nai..

-¿Visitar, meu fillo?¿Quén nos ensinou esas estupideces de salón?¡Vaise visitar a avoa!¡Escoite o ruído do vento entre os piñeiros!¡Vive vostede nun sitio fermosísimo!

O señor Beebe acudiu no seu auxilio.

-Señor Emerson, o rapaz lle visitará, eu lle visitarei,; e vostede ou o seu fillo devolverannos a visita antes de que teñan transcorrido dez días. Confío en que non esqueza este particular dos dez días. Non contan que eu lle axudara onte coa escaleira. Tampouco conta que vaian a bañarse xuntos esta tarde.

-Si, vai bañarte, George. ¿Por qué te entretés falando? Traemos de volta para o té. E trae tamén leite, pastas, mel. O cambio sentarache ben. George estivo traballando moito no seu despacho. Non termino de crer que se atope ben.

George inclinou a cabeza, polvoriento e sombrío, despedindo o olor peculiar de alguén que levou mobles de un lado a outro.

-¿De verdade quere darse un baño?-preguntoulle Freddy-. Só é unha poza, non sei se o sabe. Imaxino que está acostumado a cousas mellores.

-Si; xa dixen que si.

O señor Beebe sentiuse obrigado a axudar ó seu xoven amigo e abriu a marcha para saír da casa e chegar ós piñeirais.¡Qué tarde máis maravillosa! Durante algún tempo a voz do ancián señor Emerson os perseguiu, obsequiándoos con bos desexos e con filosofía. Rematou por extinguirse e a partir de entón só ouviron o suave murmurio do vento que axitaba os fieitos e as árbores.

O señor Beebe que sabía estar calado, pero non soportaba o silenzo, sentiuse obrigado a parlotear, dado que a expedición parecía un fracaso e os seus acompañantes non despegaban os beizos. Falou de Florencia. George escoitaba con gravidade, e asentía ou disentía con xestos leves pero decididos que eran tan inexplicables como os movimentos das copas das árbores por riba das súas cabezas.

-¡Qué coincidencia que se tropezaran vostedes co señor Vyse! ¿Dábase conta de que ía a atopar aquí a toda a pensión Bertolini?

-Non. Díxomo a señorita Lavish.

-Cando era xoven tive sempre intención de escribir unha "Historia da coincidencia".

Nin sombra de entusiasmo.

-Inda que, de feito, as coincidencias son moito máis raras do que supoñemos. Non é pura coincidencia, por exemplo, que estea vostede aquí agora, se nos poñemos a reflexionar sobre elo.

Para o seu alivio, George comezou a falar.





-O é. Reflexionei sobre elo. É o destiño.Todo é destiño. O destiño nos reune, o destiño nos separa, únenos, sepáranos. Os doce ventos nos empurran...Non decidimos nada...

-Non reflexionou vostede en absoluto- reprochoulle o clérigo-. Déixeme darlle un consello útil, Emerson: non atribúa nada ó destiño. Non diga, “non fixen iso”, porque sí o fixo, dez contra un. Agora vou a interrogalo. ¿Onde nos coñeceu á señorita Honeychurch e a min?

-En Italia.

-¿E onde coñeceu ó señor Vyse, que vai casar coa señorita Honeychurch?

-Na Galería Nacional de Londres.

-Mentres contemplaba arte italiano.¡Ahí o ten, e vostede fala todavía de coincidencia e de destiño! De maneira natural vostede busca cousas italianas, e o mesmo facemos nós e os nosos amigos. Iso reduce o campo de maneira inconmesurable, e atopámonos de novo nel.

-Estou aquí polo destiño-insistiu George-. Pero podo vostede chamalo Italia se iso o fai sentirse mellor.

O señor Beebe apresurouse a abandonar un tema abordado de maneira tan monolítica. Era infinitamente tolerante cos xoves, e non tiña desexo algún de desairar a George.

-De maneira que por esa e por outras razóns a miña “Historia das coincidencias” segue sen escribirse.

Silencio.

Desexoso de finalizar o episodio, engadiu:

-Todos estamos moi contentos de que viñeran.

Silencio.

-¡Chegamos!-fixo saber Freddy.

-¡Estupendo!- exclamou o señor Beebe, limpándose o suor da fronte.

-Ahí teñen a poza. Gustaríame que fora máis grande-engadiu Freddy, como desculpándose.

Descenderon pola orela, escorregando sobre as arume do piñeiro. Alí estaba a poza, rodeada de verde; só unha poza, pero o bastante grande para conter o corpo humano, e o bastante transparente para reflexar o ceo. En razón das chuvias, a aua inundara a herba circundante, transformándoa nun delicado sendeiro de cor esmeralda, como tentación que conducía os pes hacia a poza central.

-Decididamente fermosa, se se compara con outras pozas- dixo o señor Beebe-. Non hai necesidade de desculparse.

George sentou onde o chan estaba seco e desatou as botas con moi pouco entusiasmo.

-¿Non son espléndidas esas masas de adelfiñas?. Encántanme as adelfiñas cando están granadas. ¿Como se chama esa pranta aromática?

Ninguén o sabía ou a ninguén parecía interesarlle.

-Estos cambios abruptos de vexetación…pequenas extensións esponxosas de prantas acuáticas e, todo arredor, árbores e matas fráxiles e tenaces, …, fieitos, breixos, arandeiras, piñeiros. Encantador, encantador.

-¿Non se baña, señor Beebe?-preguntou Freddy, mentres se espía.

O señor Beebe prefería non facelo.





-¡A auga está estupenda!-exclamou Freddy, dando saltos para entrar-

-A auga é auga- murmurou George. Humedecéndose primeiro o pelo, sinal segura de apatía, seguiu a Freddy ata o diviño elemento, tan indifirente como se fora unha estatua ou a poza un barreño de auga xabronosa. Era necesario usar os músculos. Era necesario manterse limpo. O señor Beebe os contemplaba e contemplaba os froitos da adelfiña bailar á maneira do coro por riba das súas cabezas.

Freddy fixo os ruídos apropiados mentres nadaba dúas brazadas, primeiro nunha dirección e logo noutra, antes de comezar a ter problemas cos xuntos e o barro.

-¿Merece a pena?-preguntou o outro, miguelangelesco sobre a orela inundada.

A orela afundiuse e George caeu á poza antes de que sopesara o problema adecuadamente.

-Grrr, puf..., traguei un cabezón. Señor Beebe, a auga está maravillosa, sinxelamente estupenda.

-Non está demasiado mal-dixo George, reaparecendo despóis de afundirse na poza e de cuspir auga en dirección ó sol.

-Non pode estar mellor. Anímese, señor Beebe.

Novos ruídos por parte de Freddy.

O señor Beebe, que tiña calor e que sempre consentía cando era posible, mirou ó seu redor. Non detectou máis fregueses que os piñeiros, que se alzaban vertixinosamente por todas partes, e se facían xestos uns a outros contra o ceo azul. ¡Qué fermoso era todo! O mundo de vhículos motorizados e diáconos rurais alonxábase ata desaparecer. Auga, ceo, árbores de folla perenne, o vento..., cousas que nin siquera as estacións podían tocar e sen dúbida quedaban máis alá da intromisión do ser humano.

-Non estará de máis que me refresque tamén eu.-E pronto a súa roupa formou un terceiro montonciño sobre o céspede e tamén él se fixo eco da maravilla que era o auga.

Non era máis que auga ordinaria, tampouco había moita e, como Freddy comentou, tíñase a sensación de nadar nunha ensalada. Os tres cabaleiros choupaban na poza, que lles chegaba ata o peito, á maneira das ninfas en “ O Crepúsculo dos Deuses”. Pero cicáis porque as chuvias refrescara o aire, ou porque o sol enviaba un calor en verdade delicioso, ou porque dous dos cabaleiros eran xóvenes en idade e o terceiro en espírito, o certo é que, pola razón que fora, produciuse un cambio neles, esquencéronse de Italia, da botánica e do destiño, e comezaron a xogar. O señor Beebe e Freddy molláronse mutuamente. Con certa reserva, tamén salpicaron a George, que non dixo nada, polo que temeron telo ofendido. Logo todas as enerxías da xuventude estouparon. George sorriu, lanzouse sobre eles, os salpicou, afogounos e deulles varias patadas, embazounos e rematou por sacalos da poza.

-Unha carreira ó redor, entón- gritou Freddy; correron ó sol, George recorrey a un atallo, ensuciouse as canelas e tivo que bañarse unha segunda vez. Logo o señor Beebe accedeu a correr, un espectáculo memorable.

Correron para secarse, bañáronse para refrescarse, xogaron a ser indios entre as adelfiñas e os fieitos, e volveron á auga para limparse. E durante todo o tempo, tres montonciños xacían discretamente sobre o céspede proclamando:

“Non. Somos nós o que conta. Sen nós non comezará ningunha empresa. A nós regresará en definitiva toda a carne.”

-¡Un tanto!¡Un tanto!-berrou Freddy, apoderándose do montón de roupa de George e colocándoo xunto ó imaxinario poste dunha portería de rugby.





-Reglas de fútbol-replicou George, espallando o montón de Freddy dunha patada.

-¡Gol!

-¡Gol!

-¡Un pase!

-¡Coidado co meu reloxo!-exclamou o señor Beebe.

A roupa voaba en todas as direccións.

-¡Atención ó meu sombreiro!¡Non, xa basta, Freddy! Vístete xa.¡Dixen que non!

Pero os dous xóvenes perderan toda contención. Alonxáronse, escintilantes, entre as árbores, Freddy cun chaleco clerical baixo o brazo, George cun sombreiro de aba ancha sobre o pelo empapado.

-¡Xa basta!-berrou o señor Beebe, ó recordar que, despóis de todo, estaba na súa parroquia. Logo a súa voz cambio como se cada piñeiro fora un diácono rural.- ¡Eh!¡Ollo!¡Acércase xente, rapaces!

Berros e círculos cada vez máis amplos sobre a terra apincarada.

-¡Eh!¡Eh!¡Señoras!

Nin George nin Freddy eran de verdade persoas refinadas. Non ouviron, sen embargo, o último aviso de do señor Beebe, porque do contrario evitarían á señora Honeychurch, a Cecil e a Lucy, que se dispuñan a facer unha visita á anciana señora Butterworth. Freddy deixou caer o chaleco e correu a esconderse entre os fieitos. George gritou ó atopalos diante, xirou en redondo, e alonxouse raudo polo sendeiro que levaba á poza, todavía co sombreiro do señor Beebe na cabeza.

-¡Polo amor do ceo!-exclamou a señora Honeychurch-¿Quen podían ser esos desventurados? ¡Mirade hacia outro lado, meus fillos!¡E o pobre señor Beebe, ademáis!¿Que puido suceder?.

-Veñan por aquí agora mesmo-ordenou Cecil, que sempre se consideraba obrigado a dirixir á mulleres, inda que non soubera a onde, e a protexelas, inda que non soubera contra qué. Naquela ocasión conduciunas haca os fieitos onde Freddy esperaba agochado.

-¡Pobre señor Beebe!¿Non era o seu chaleco o que deixamos no camiño? Cecil, o chaleco do señor Beebe...

-Non é asunto noso-dixo Cecil, mirando de esguello a Lucy, que se refuxiara ó máximo baixo o seu parasol,e que estaba, a todas luces, afectada polo sucedido.

-Imaxino que o señor Beebe volveu a tirarse na poza.

-Por aquí, fágame o favor, señora Honeychurch, por aquí.

O seguiron polo prado, tentando adoptar a expresión tensa, inda que despreocupada, que se considera adecuada para as damas en tales ocasións.

-Vaia, non o podo evitar-dixo unha voz diante deles, a moi pouca distancia, e Freddy sacou de entre os fieitos un rostro cheo de pencas e un par de ombreiros níveos-. Non vou deixar que me pisen, ¿verdade que non?

-¡Ceo santo, corazón!¡Así que es ti!¡Qué idea tan pouco afortunada!¿Por qué non bañarte cómodamente en casa, con auga quente e fría á túa disposición?

-Escoita, madre: un ten que lavarse, e despois secarse, e se alguén…

-Si, cariño, seguro que tes razón coma de costume, pero non estás en situación de discutir. Ímonos, Lucy- Deron a volta-.Oh, mira, ¡non, non mires!¡Pobre señor Beebe!¡Qué desafortunado…!







Porque o señor Beebe saía reptando naquel intre da poza, sobre cuxa superficie aboiaban prendas de carácter íntimo; George, mentres tanto, o George cansado do mundo, gritáballe a Freddy que atrapara un peixe.

-E eu traguei un-respondeu o que estaba entre os fieitos-. Traguei un cabezón. Móveseme dentro da tripa. Vou morrer...Emerson, animal, puxeches os meus pantalóns.

-Calade, meus fillos-dixos a señora Honeychurch, a quen lle resultaba imposible seguir escandalizándose- E asegurádevos primeiro de que vos secades moi ben. Todos esos arrefriados veñen de non secarse profundamente.

-Madre, ímonos.-dixo Lucy- Polo amor do ceo, fai o favor de vir.

-¡Hola!-exclamou George, de forma que as damas detivéronse de novo.

O xoven Emerson considerábase vestido. Descalzo,o peito ó aire, radiante e afable sobre un fondo de bosques en sombra, saudou de novo:

-¡Qué tal, señorita Honeychurch!

-Unha inclinación de cabeza, Lucy, é o mellor. ¿Quen é ése?Eu tamén a farei.

A señorita Honeychurch inclinouse.

Esa tarde e durante toda a noite a auga correu pendente abaixo. Á mañán seguinte a poza voltou ó seu antigo tamaño e quedou privada de todo esplendor. Fóra unha chamada ó sangue e a unha vontade libre de restriccións, unha bendición pasaxeira cuxa influencia non se perdería, un evento sagrado, un encantamento, un momentáneo destiñado á xuventude.